

Axuda/Subvención: 18 bolsas para o perfeccionamento de estudos artísticos para o ano 2010

Organismo: Deputación Provincial da Coruña

Distribución das bolsas:

Área de artes plásticas: 3 bolsas

Área de danza: 2 bolsas

Área de interpretación: 4 bolsas

Área de música: 6 bolsas

Área de imaxe: 3 bolsas

Cuantía das bolsas: 8.950 € cada unha

Requisitos dos solicitantes: Poderán participar nesta convocatoria todos os residentes na provincia da Coruña que pretendan realizar estudos de perfeccionamento artístico fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, e que reúnan os seguintes requisitos:

–Ter nacido a partir do día un de xaneiro de 1980 (incluído este), agás os que xa foran titulares da bolsa na convocatoria do ano anterior, que poderán ter nacido a partir do un de xaneiro de 1979.

–Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación do correspondente certificado de empadramento, cunha antigüidade de, polo menos, un ano antes da data da convocatoria.

O ter sido titular doutra bolsa similar en anteriores convocatorias non exclúe da participación nesta sempre que se cumpran os seus requisitos.

Presentación de solicitudes: As solicitudes formularanse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro Xeral da Deputación, na Sección de Cultura e Deportes e na páxina www.dicoruna.es. A solicitude e resto de documentación requirida deberá presentarse no Rexistro Xeral desta Deputación ata o día 31 de marzo de 2010.

Publicación: BOP nº 45, 9 de marzo de 2010

Máis Información (Anexos):

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/03/09/bop_45.pdf#page=64

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300